



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA OITO DE SETEMBRO DO DOUS MIL CINCO.**

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, D. José Luis Docampo Fortes, D. Rafael Luis Fernández Amor, D. César Ricardo Naval Parapar, D^a. María Rebeca Fernández Martínez, D^a. Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D^a. Marta Pérez Lage, D^a. Rosario Canoura Labayén, D. José Antonio Bouza Rodil e D. Orlando Expósito Mariño.

SECRETARIA

D^a. Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Ayuntamiento de VIVEIRO, sendo as vinte horas e trinta minutos do día oito de setembro do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

**1º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DOS LÍMITES
DE EXECUCIÓN DE GASTOS PLURIANUAIS (CONTRATACIÓN EDIFIZO
GARDA CIVIL DO MAR)-EXECUCIÓN OBRA PREVISTA NO ANO 2005.**

Polo Sr. Alcalde dáse conta da necesidade de aprobación da modificación dos límites de execución dos gastos plurianuais que figuran nas bases de execución dos orzamentos municipais aos efectos de poder levar a cabo a contratación da obra do edifizo da Garda Civil do Mar para executala no ano 2005.

Aberta a quenda de intervencións, o Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, pregunta se xa existe convenio coa Administración do Estado, contestándolle afirmativamente o Sr. Alcalde.

Seguidamente, polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, se expón as razóns da súa abstención na votación do asunto, que as motiva en que considera que esta dotación tería que efectuala o Ministerio de Interior e non a custo do Concello.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por maioría de dezaseis votos a favor (PS de G-PSOE, BNG e PP) e unha abstención (IU-EU), acorda, de conformidade co informe emitido polo Interventor municipal, aprobar a eliminación



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

dos límites de execución dos gastos plurianuais do artigo 174 do TRLHL para que poda consignarse en cada exercizo orzamentario o crédito que corresponda á execución do gasto e levar a cabo a contratación da obra do edifizio da Garda Civil do Mar.

Dáse traslado do presente acordo aos departamentos de Intervención e Obras e urbanismo.

**2º.- APROBACIÓN INICIAL DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO AO
OBJECTO DE CUMPRIMENTACIÓN DO FALLO DA SENTENZA 255/2005
DO RECURSO INTERPOSTO POLA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS
DA COMUNIDADE DE GALDO.**

Polo Sr. Alcalde-presidente expónse que como os Concelleiros coñecen, a proposta efectúase ao obxecto de cumprimentar o disposto na sentenza 255/2005, do recurso interposto pola Comunidade de Montes Veciñais de Galdo, polo importe de 10.600,28 euros, en relación a obras aboadas por dita Comunidade de Montes.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda aprobar inicialmente o suplemento de crédito ao obxecto de cumprimentación do fallo da sentenza 255/2005 do recurso interposto pola Comunidade de Montes Veciñais da Comunidade de Galdo e aboar o importe de 10.600,28 euros á dita Comunidade de Montes.

Dáse traslado do presente acordo ao departamento de Intervención para a súa cumprimentación e notificación ao Xulgado do contencioso-administrativo de Lugo.

**3º.- APROBACIÓN INICIAL DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA
GASTOS DE SERVIZOS SOCIAIS.**

Polo Sr. Alcalde expónse que segundo o escrito do Director do Centro de Servizos Sociais, D. Javier Balseiro Fernández, a partida económica do orzamento prorrogado relativa a custos das actividades do Centro, non ten crédito disponible, polo que é imprescindible ampliar a dita partida en 7.000 euros, que se desglosarían da seguinte maneira:

- Apoio educativo 1.500 euros
- Vacacións en paz 2005 2.000 “
- Programa de libros para familias con especiais
dificultades económicas 2.500 “

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda aprobar inicialmente o suplemento de crédito para gastos de Servizos Sociais, de conformidade coa proposta que obra no expediente.

Dáse traslado do presente acordo ao departamento de Intervención para a súa tramitación, así como ao Director do Centro de Servizos Sociais.

**4º.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO
EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS PARA ABOAMENTO E LIQUIDACIÓN DE
PORTOS DE GALICIA.**



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Polo Sr. Alcalde explícase a proposta que consiste no aboamento das liquidacións xiradas pola entidade Portos de Galicia, correspondentes ao canon das instalacións náutico-deportivas do Porto deportivo e, dado que se trata de gastos correspondentes ao ano 2004 aínda que se aplican ao Orzamento do 2005.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, por importe de 19.302,43 euros, correspondientes ás liquidacións xiradas por Portos de Galicia e relativas ao canon das instalacións náutico-deportivas do Porto de Viveiro.

Dáse traslado do presente acordo ao departamento de Intervención, para a súa tramitación e aboamento da cantidade refirida a entidade Portos de Galicia.

5º.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.

O Sr. Alcalde dá conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (dezasete) acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.

ASUNTOS URXENTES

Polo Sr. Alcalde, antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, de conformidade co disposto no artigo 91.4, do R.O.F, maniféstase a súa intención de someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, dous asuntos que non figuran na Orde do día da Sesión, motivado na necesidade de presentar dunha maneira conxunta a moción con outros Concellos afectados por esta supresión dos xuízos do penal e que son sede de Partido Xudicial, tales como Mondoñedo e Monforte, e no caso da fixación das festas locais, dí que por unha omisión non se incluíu na Orde do Día e cómpre comunicalo á Delegación Provincial da Consellería de Trballo a maior brevidade para a súa publicación.

1º.- PROPOSTA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL SOBRE A SUSPENSIÓN DOS XUIZOS DO PENAL EN VIVEIRO.

2º.- FIXACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2006.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros (dezasete), acorda a inclusión na Orde do día de dito asunto.

1º.- PROPOSTA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL SOBRE A SUSPENSIÓN DOS XUIZOS DO PENAL EN VIVEIRO.

Polo Sr. Alcalde-Presidente exponse que se trata dunha proposta similar á que aprobarán outros Concellos afectados pola medida que suprime as vistas do Penal nos Xulgados de Mondoñedo, Monforte e Viveiro afectados, indicando a seguir que existe unha confusión sobre a data da Resolución pero que as competencias son da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, aínda que hai unha Comisión



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

Mixta na que interveñen outras administracións, non xustificándose dí, a medida proposta xa que parece ser que o volume de traballo dos Xulgados de Lugo resulta ser inferior á media de a Comunidade Autónoma de Galicia.

Intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño que dí que, dado o interese de todos os Grupos políticos, considera conveniente que sexa unha proposta de todos, manifestándose a seguir todos os Voceiros dos Grupos Políticos conformes.

A continuación o Concelleiro do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca intervén para dicir que este asunto xa se tratou no ano 1999, e que se arranxou por circunstancias, é dicir presión política. Que é do que se trata neste momento, engadindo que non saben a que aterse, pois a xustificación de entón atopábase máis fundamentada, xa que hpxe se alude ao tráfico viario cando agora existen mellores comunicacións. Que el dispón dunha fotocopia do Fax que nalgúns xulgados recibiron a primeiros do mes de xullo. Finalmente sinala que se trata de dar a volta ao asunto sen tirarse os trastos, pois a decisión é dun órgano de goberno administrativo e non dunho político, pero que hai dous modos de reaccionar contra esa decisión: a política e a xudicial, aínda que dí que esta última poda demorarse moito no tempo, agradecendo asemade a presentación desta proposta e a unanimidade.

Procédese a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros, acorda aprobar a proposta que asumida por todos os Grupos Políticos do Concello e concelleiro de IU-EU, textualmente dí:

“No pasado mes de agosto, durante o período vacacional dos xulgados, publicouse na prensa, que a sala de goberno do TSXG acordou a suspensión dos xuízos do penal en diferentes localidades da nosa provincia, sen que a este Concello se lle comunicara tal posibilidade, que non é preceptivo pero si aconsellable, tendo en conta a colaboración que en xeral temos coa Administración de Xustiza e, concretamente, no feito de poñer a disposición unha sala para a celebración dos xuízos do penal..

Pola Alcaldía iniciáronse as conversas co Conselleiro da Presidencia para sabier se tiña coñecemento de dita decisión, ou tiña parte en dita decisión, nos contestou que non, nin constaba comunicación ningunha ao respecto na Consellería (estou a falar de finais de agosto).

Inmediatamente ao nomemanto do novo Director Xeral de Xustiza tiven varias conversas con el e me comunicou o seguinte:

Que na comisión mixta do 20 de xullo entre o goberno en funcións e o estamento da xustiza, non se tratou o tema, pero que na próxima comisión mixta que se celebre incorporarían a orde do día o debate desta situación, de conformarse a decisión que nese intre, aínda non tiñan coñecemento oficial da mesma.

Por outras vías informeime de que o día 21 de xullo do ano en curso (o día seguinte á xuntanza da comisión mixta) parece que se tomou a decisión de suspender os xuízos do penal, entre outras, na cidade de Viveiro.

Nos pronunciámonos en contra de dita decisión. En primeiro lugar porque os cidadáns teñen o dereito á cercanía das institucións e administracións, e aínda máis cando se trata da xustiza; que determina o desenvolvemento dunha sociedade e o dereito, e o feito a unha xustiza gratuita.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email-viveiro@fegamp.es

Tamén hai que ter en conta aos profesionais e todo o que se move tanto a nivel profesional como económico no sector da xustiza no noso Concello e a súa bisbarra.

Ademais debería de explicarse cal é a necesidade que levou a esta decisión sobre todo tendo en conta que a carga de traballo dos xulgados do penal de Lugo está por debaixo da media dos seus homólogos de Galicia.

Por todo o antes exposto, solicitamos ao Pleno adopte os seguintes acordos:

Primeiro: Solicitar á Sala de Goberno do TSXG a comunicación oficial do acordo de suspensión dos xuízos dó penal nos Xulgados de Viveiro.

No caso que isto fora así, dirixirse a dita Sala de Goberno, para que reconsidere o acordo e restableza os xuízos do penal en Viveiro.

Segundo: Dirixirnos á Dirección Xeral de Xustiza da Consellería da Presidencia para que a través da comisión mixta e dos mecanismos que considere oportunos, conseguir a reposición dos xuízos. do penal en Viveiro.

Terceiro: Acudir ante o Consejo General del Poder Judicial, para que repoña os xuízos do penal en Viveiro, deixando sen efecto o acordo adoptado pola Sala de Goberno do TSXG.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos Concellos que forman parte do Partido Xudicial de Viveiro, e que como afectados comuniquen ás distintas institucións o rexeitamento do acordo da Sala do TSXUG sobre a suspensión das vistas nos Xulgados de Viveiro.

2º.- FIXACIÓN DAS FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2006.

Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, dáse conta de que, a efectos de cumprir o prazo fixado pola Delegación Provincial da Consellería de Traballo, cómpre tomar acordo das festas locais de Viveiro para o ano 2006 que van ser nas datas de costume, é dicir: martes de Antroido, que o próximo ano é o 28 de febreiro e a festividade de San Roque que é o 16 de agosto.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, acorda, por unanimidade dos membros presentes (dezasete), fixar as seguintes festas locais para o ano 2006:

- Martes de Antroido, día 28 de febreiro.
- Festividade de San Roque, 16 de agosto.

Dáse traslado á Delegación Provincial da Consellería de Traballo.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Por Secretaría indícase que no expediente do Pleno existen unhas preguntas, formuladas por escrito polo grupo do Partido Popular, que se presentaron no mes de xullo, indicando o Voceiro do PP que, dado o tempo trascorrido e os asuntos que figuraban nesas preguntas, retiran as mesmas.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

Contestando o Sr. Alcalde-presidente que se ben é certo que transcorreu tempo desde a formulación destas, non é menos certo que nunha sesión plenaria anterior, o Voceiro do PP manifestou que non urxía a súa resposta.

A continuación, polo Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

1. Todos temos coñecemento da gran demanda de construción que hai en Viveiro e a gran preocupación ao non aprobarse o Plan Xeral de Ordenación Municipal, aínda que sexa inicialmente, xa que logo vai ser moi difícil recompoñer a situación e efectuar o correspondente reparto de benefizos e cargas; e que independentemente da circunvalación que xa se terá en conta, urxía que se aprobara o Plan e suspender as licenzas nas zonas afectadas; polo que roga se reúna a Comisión Informativa de Obras para tratar este asunto.

En contestación, o Sr. Alcalde dí que no ano 2003 modificouse a tramitación dos Plans Xerais e non é posible tralo a Pleno ata que o informe a Xunta de Galicia e que se entregou na Xunta en abril do 2004, manifestou que non emitiría o dito informe ata que se determinara por onde discurriría a Carreteira. Engadindo que no día de hoxe estivo co Director Xeral de Urbanismo e lle transmitiu a preocupación pola demanda existente de licenzas de obra ás que se lles ten que aplicar as NSPM obsoletas e que o 20 de setembro reunírase co Director Xeral de Obras Públicas e convocará aos Voceiros.

Nunha nova intervención, deste rogo, o Voceiro do PP, indica que o goberno deste Concello enviou un escrito á Xunta pedindo que non se informara o Plan Xeral.

O Sr. Alcalde contesta que o que non se informou polo Concello foron as alegacións dos veciños na exposición ao público do anterior documento, e insistindo, seguidamente, en que el sinalou o problema do Solo Industrial e do Polígono de Landrove e que, a tal efecto, se desprazaron a Santiago no mes de xullo para tratar de manter o acceso á Capela.

Neste intre, intervén o primeiro Tenente de Alcalde, D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro, indicando que como se trata dun rogo, quere sinalar que coincide coa preocupación do Voceiro do PP e que agora mesmo existe unha cantidade elevadísima de solicitudes de licenzas de obra. Aínda que afirma que poñendo as cousas no seu sitio, ten que lembrar que este grupo de goberno continuou coa mesma empresa consultora que redactou o outro documento do Plan Xeral e que por parte da Xunta de Galicia houbo un boicot e pecharon as portas co asunto do Corredor. Credo que non se pode presionar a un concello da maneira como o fixo a Xunta de Galicia e que a meirande parte das alegacións presentadas se refiren ao Corredor e que teñen que dicir todo isto, aínda que sexa un rogo e aínda que agradezan a preocupación.

En contestación, o Voceiro do PP dí que na aprobación inicial tamén houbo que reflectir a carreteira.

Contestando, neste intre, o primeiro Tenente de Alcalde e Voceiro do BNG que o PP non quixo ir adiante coa tramitación do Plan Xeral por motivos electorais, extremo que recoñeceu César Aja nun periódico e mencionando, a seguir, os problemas que se presentan na zona de Covas co Solo Urbano non Consolidado pola falta do Plan Xeral.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

A seguir, o Sr. Alcalde expón que agora existe unha presa nas licenzas de construción porque se supón que se vai a desbloquear o Plan Xeral.

Respostando o Voceiro do PP que a presa ven porque existe unha gran demanda e que é xeral nas zonas costeiras, citando Ribadeo, Vicedo e Cedeira.

Indicando, a seguir, novamente, o Sr. Alcalde que o Plan Xeral nalgunhas zonas os edifizos pasan de seis plantas a catro e que non van a denegar licenzas de obras se cumpren as NSPM.

Intervindo, neste momento, o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, que dí textualmente: “Non podedes.”, e indicando, seguidamente, que no seu momento el mesmo se felicitou pola aprobación do Plan Xeral e lle gustaría saber cando se vai poder felicitar novamente, aínda que houbo anteriormente unha falta de respectos ás catrocentas setenta e dúas alegacións que non se contestaron.

2.- Intervindo o Voceiro do PP dincindo que non van a discutir polo pasado e formulando a pregunta ¿cando se repara o murete de San Francisco?.

Contestando o Sr. Alcalde que están á espera da contestación do novo goberno da Xunta e que enviaron escritos e planos.

3.- Os presupostos do ano 2005 non se aprobaron ¿cando se van aprobar os do 2006?.

O Sr. Alcalde resposta que se van a elaborar de forma similar aos do ano 2004 e que queren comezar antes de que remate o mes de setembro a miralos; indicando que houbo un problema técnico importante porque o novo Interventor considerou que non lle correspondía a súa elaboración; polo que pensan dotar a praza de Técnico de Administración Económica que se atopa vacante.

Polo Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, se formulan os seguintes rogos e preguntas:

1.- ¿Podería ser posible de cara á tempada de inverno acondicionala zona que hai límite con Correos, en Lodeiro?.

O Sr. Alcalde resposta que dita zona non é de propiedade municipal que se cedeu á Tesourería Xeral da Seguridade Social para a construción do CAISS, do que espera ter noticias á maior brevidade, que unicamente poden facer xestións ante os organismos correspondentes.

2.- Manifesta o problema que supón o pavimento do paseo peatonal do Landro, que se levanta e a xente cae, polo que se están a producir accidentes, xa que hai inclinacións de cinco e seis centímetros, polo que pide que se dirixa aos órganos competentes para que se arranxen.

O Sr. Alcalde dí que o enxeñeiro de Costas do Estado en Lugo está accidentado, polo que quedou de poñerse en contacto con el cando lle sexa posible para tratar ese asunto.

3.- Pregunta polo estado en que quedou o “Corte Inglés” na derradeira feira do primeiro de setembro.

Resposta o Sr. Alcalde que o asunto vaise tratar nunha Xunta de Voceiros.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

4.- Pregunta pola situación da Silvarosa.

5.- Pregunta polo atranco no río Landro.

O Sr. Alcalde contesta que tivo unha reunión co Conselleiro de Medio Ambiente.

6.- ¿Van a instalarse os novos bolardos?.

O Sr. Alcalde responde que aínda non se entregaron.

O Concelleiro do PP, D. José Joaquín Gayoso Roca pregunta onde se van a situar ditos bolardos.

O Sr. Alcalde respóndelle que terán que ter en conta as circunstancias de cada lugar onde se instalen, xa que dí compe garantir o paso dos servizos públicos, o camiión da basura, extinción de incendios, etc.

Indicando novamente o Concelleiro do PP citado que diante do aparcadoiro soterrado sería conveniente instalar bolardos, xa que un vehículo, aínda que sexa pequeno, supón un perigo.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e trinta minutos, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.